

CONCELLO DE MEIRA

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

AXUDAS PARA PROXECTOS DE BIOMASA, XEOTERMIA, AEROTERMIA E SOLAR TÉRMICA

O martes día 25 de maio saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Enerxético de Galicia pola que se convocan axudas para proxectos de enerxías renovables térmicas: biomasa, xeotermia, aerotermia e solar térmica.

GASTOS SUBVENCIONABLES

- O equipamento principal de xeración enerxética (paneis solares, bomba de calor, caldeira...). No caso da biomasa, o custo do equipamento térmico e os seus accesorios principais (sistema de regulación e control, sistemas de limpeza, depuración de fumes, extracción de cinzas).
- O resto de accesorios da instalación para o correcto funcionamento do sistema.
- O custo do sistema de almacenamento do combustible.
- O custo do sistema de alimentación do combustible.
- O custo de montaxe e conexiónado.
- No caso da enerxía xeotérmica, o sistema de captación do recurso xeotérmico: sondeos, intercambiadores, acumuladores, tubaxes, outros.
- No caso de redes de distribución de calor con biomasa, o custo da rede de distribución de enerxía térmica (ata a sala de caldeira existente se se conecta a ela ou, no caso contrario, ao punto de entrada ao edificio) e, se for o caso, o custo dos sistemas para a conexión coas salas de caldeiras existentes. A obra civil necesaria da sala de caldeiras.

BENEFICIARIOS E CONTÍA DA AXUDA

| LIÑAS DE AXUDA | DESTINATARIOS | PORCENTAXE MÁXIMA DA AXUDA |
|----------------|--|----------------------------|
| BIOMASA | Empresas e autónomos | 50% |
| | Entidades sen ánimo de lucro que non realicen actividade económica | 80 % |
| | Entidades sen ánimo de lucro que realicen actividade económica | 50% |
| XEOTERMIA | Empresas e autónomos | 50% |
| AEROTERMIA | Empresas e autónomos | 50% |
| SOLAR TÉRMICA | Empresas e autónomos | 50% |

A contía máxima da axuda por proxecto de biomasa será de 250.000 €. En proxectos de aerotermia e xeotermia, a axuda máxima será de 100.000 € e en solar térmica 15.000 €.

A contía máxima por beneficiario será de 500.000 €.

PRAZO DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes será **DUN MES**, contado desde o día seguinte ao de publicación da resolución no DOG.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982 34 62 22/982 33 36 01.

Meira, 31 de maio de 2021.

O Alcalde.

Asdo.: Antonio de Dios Alvarez

